



## Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Técnicas de Indización e Resumo da Documentación		Código	613445006	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento					
Coordinación			Correo electrónico		
Profesorado			Correo electrónico		
Web					
Descrición xeral	Coñecer os principios teóricos e metodolóxicos para a análise, representación e recuperación da información, entender a función das linguaxes documentais nun sistema de recuperación de información e saber aplicar os coñecementos adquiridos a situacións semellantes ás que se poden atopar nun entorno profesional.				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer o marco normativo específico do análise documental , da preparación de resumos e do establecemento e creación de tesauros	AP2 AP4 AP12	BP6 BP7 BP9	CM3 CM6
Enmarcar a indización, o emprego e creación de tesauros e o resumo na análise do contido documental	AP3 AP4 AP5 AP12 AP13	BP4 BP5	CM3
Distinguir as características da indización	AP1 AP2 AP3 AP5 AP10	BP1 BP3 BP4 BP5 BP8	CM2 CM3
Utilizar ferramentas de indización en diversos ámbitos científicos	AP1 AP4 AP5 AP8	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5	CM3 CM4
Elaborar resumos documentais sobre textos de contido científico	AP1 AP3 AP5 AP7 AP8 AP12 AP14 AP15	BP1 BP2 BP3 BP5 BP6	CM5 CM6



Valorar a importancia e a calidade dos resumos, dos tesauros e da indización e a súa influencia na recuperación axeitada da información	AP1 AP2 AP5 AP7 AP14	BP2 BP6 BP8	CM1 CM2 CM8
Potenciar a capacidade de análise e de síntese en diferentes ámbitos e dominios científicos	AP7 AP8 AP10 AP12 AP13	BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BP8	CM1 CM2 CM3 CM4 CM7
Aplicar os coñecementos adquiridos á investigación sobre representación e recuperación da información	AP1 AP2 AP3 AP4 AP5 AP12	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5	CM1 CM4 CM7 CM8
Elaborar tesauros documentais sobre dominios científicos	AP1 AP2 AP3 AP5 AP7 AP14 AP15	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5	CM1 CM2

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Da información ao coñecemento	1.1. Concepto de información e coñecemento 1.2. Atributos 1.3. Procesamento e representación da información 1.4. O coñecemento : clases e modelos 1.5. Xestión do coñecemento
2. Sistemas de indización e resumo	2.1. Modelización da importancia das estruturas documentais. 2.2. A compoñente conceptual e a súa representación terminolóxica. 2.3. Sistemas de indización
3. Paradigmas e modelos para o deseño e construción de sistemas de indización.	3.1. Paradigma sociocognitivo. 3.2. Paradigma comunicacional. 3.3. Paradigma físico. 3.4. Paradigma sistémico. 3.5. Modelos complementarios.
4. A indización como representación característica da información	4.1. Concepto. 4.2. Metodoloxía. 4.3. Fases. 4.4. Avaliación e calidade da Indización. 4.5. Categorización dos índices.
5. Natureza, obxectivos e usos do Tesouro	5.1. Concepto. 5.2. Obxectivos. 5.3. Finalidade



6. Planificación e deseño dun Tesouro	6.1. Planificación da elaboración dun Tesouro. 6.2. Establecemento das relacións entre os termos 6.3. Avaliación e depuración do Tesouro. 6.4. Mantemento e actualización do Tesouro.
7. Técnicas de construción e mantemento dun tesouro	7.1. Directrices e normas. 7.2. Estrutura do Tesouro. 7.3. Métodos de elaboración. 7.4. Selección de termos. 7.5. Organización: Categorias, subcategorias, conceptos...
8. Presentación do tesouro	8.1. Alfabética. 8.2. Sistemática. 8.3. Xerarquía e facetas. 8.4. Presentación do Tesouro.
9. Teoría e metodoloxía do resumo	9.1. Estado da cuestión. 9.2. Concepto. 9.3. Obxectivos. 9.4. Proceso e produto documental. Análise de procesos, estratexias e técnicas
10. Produción de resumos.	10.1. Estructuras do resumo. 10.2. Tipos de resumo. 10.3. Funcións. 10.4. Competencias e habilidades do resumidor.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	8	8	16
Sesión maxistral	10	10	20
Lecturas	0	10	10
Análise de fontes documentais	3	3	6
Traballos tutelados	0	22.5	22.5
Atención personalizada	0.5	0	0.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Combinarase as presentacións teóricas das sesións maxistras con exercicios prácticos a través do ordenador.  Utilizarase o software MultiTes na súa versión demo para a construción dun tesouro automatizado. A descarga do software farase individualmente por parte de cada alumno, solicitando na páxina do editor ( <a href="http://www.multites.com/">http://www.multites.com/</a> ) a versión de proba con fins da avaliación da ferramenta.  Outros softwares complementarios (freeware), tanto para a indización de documentos como a elaboración de tesauros e resumos tamén serán estudados. Buscarase en todo momento o emprego combinado de todas as ferramentas estudadas.
Sesión maxistral	Céntrase en aspectos relacionados con contido teórico como práctico do módulo e a exposición de exemplos e exercicios coa finalidade dunha maior comprensión da materia. Incentivarase a participación dos alumnos na clase.
Lecturas	Porase a disposición do alumno unha serie de artigos de revista para a súa lectura, co fin de facilitar a comprensión do contido teórico do módulo.



Análise de fontes documentais	Centrase no estudo de fontes documentais (bases de datos, portais con tesauros, exemplos online, etc.) que permitirán unha maior e mellor contextualización dos conceptos e exercicios da clase. Ademais, a comprensión de estas fontes será fundamenta para o desenvolvemento posterior doutros exercicios e tarefas do curso.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor.  O traballo consistirá na construción dun microtesauro (50 termos) sobre unha revista científica internacional seleccionada polo alumno.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Prácticas a través de TIC	Para a realización do traballo (a construción do microtesauro) e a súa implementación nas diferentes ferramentas estudadas durante o curso, será posible consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente, así como as dúbidas que poidan aparecer, para que éste poida ofrecer as orientacións necesarias en cada caso co fin de asegurar a calidade dos traballos. O seguimento farase preferentemente de forma individualizada a través do correo electrónico.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Lecturas	1. Realización das lecturas solicitadas.  2. Esquema, resumen e comentario das mesmas	15
Análise de fontes documentais	1. Revisión e estudo da bibliografía pertinente sobre indización e para o desenvolvemento de tesauros.  2. Estudo e comprensión dos diferentes elementos, características e propiedades a ter en conta na elaboración de tesauros documentais.  3. Estudo e comprensión das diferentes bases de datos, portais, etc. útiles para a creación de tesauros documentais.  4. Entendemento dos diferentes programas de indización e creación de tesauros, as súas posibilidades e as súas limitacións.	20
Traballos tutelados	1. Revisión da bibliografía/documentación necesaria para a elaboración dun tesouro. 2. Selección dunha revista científica internacional. 3. Establecemento dunha estratexia e criterios e selección de termos a utilizar. 4. Establecemento das relacións entre termos e a estrutura xeral do tesouro. 5. Confección e redacción final do tesouro, incluíndo todas as partes requeridas.	45
Prácticas a través de TIC	1. Solicitude individualizada de proba do software na dirección <a href="http://www.multites.com/">http://www.multites.com/</a> ; ou o software TheW32 ( <a href="http://publish.uwo.ca/~craven/freeware.htm">http://publish.uwo.ca/~craven/freeware.htm</a> )  2. Descarga do software e lectura do tutorial  3. Introducción dos termos e relacións do tesouro realizado sobre o tema seleccionado; confección dos índices.  4. Desenvolvemento de tesauros sobre dominios científicos empregando o software previamente estudado.	15



Sesión maxistral	1. Atención na clase 2. Participación na clase	5
Outros		

### Observacións avaliación

### Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías